

Decreto .../2018, do ... de ..., polo que se crea a figura de Agrupación de defensa contra incendios forestais.

A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes de Estado, que ten carácter básico, atribuíu ás Comunidades Autónomas a competencia para regular en montes e áreas limítrofes o exercicio de todas aquelas actividades que poidan dar lugar a risco de incendio, e establecer normas de seguridade aplicables a edificacións, obras, instalacións eléctricas e infraestruturas de transporte en terreos forestais e as súas inmediacións, que poidan implicar perigo de incendios ou ser afectadas por estes. En particular lles atribúe competencia para regular de forma específica a prevención de incendios forestais e as medidas de seguridade nas zonas de interface urbano-forestal.

En aplicación de tal atribución competencial, aprobouse a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que regula como o seu obxecto a defensa dos montes ou terreos forestais fronte aos incendios e a protección das persoas e bens afectados por eles.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 45 que a vixilancia e a detección de incendios forestais pode realizarse, entre outros, polas agrupacións de defensa contra incendios e o voluntariado social.

Así mesmo, o artigo 48.4.b) da dita lei prevé que as agrupacións de defensa contra incendios poden participar nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal.

Vai dirixido a asociacións que teñan como obxectivo a colaboración na defensa contra incendios forestais, na protección do medio ambiente ou na protección civil, de xeito que, para que poidan desenvolver as funcións de prevención e extinción de incendios previstas na lei, é preciso regular mediante esta norma as ditas agrupacións e prever a forma de adquisición de tal condición, renovación e perda dela e os diversos dereitos de que dispoñen e obrigas a que estará suxeitos.

Consonte co artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, con carácter previo á elaboración do proxecto de decreto, procede realizar unha consulta pública, a través do portal web desta Administración, para recompilar a opinión dos interesados e das súas organizacións mais representativas sobre as seguintes cuestións:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar;
- b) A necesidade e oportunidade da aprobación deste decreto;
- c) Os seus obxectivos;
- d) As posibles solucións alternativas reguladoras.